



# SkyShowtime expande a súa presenza levando as súas películas e series de éxito a R



**Luns, 16 de decembro de 2024.-** O operador galego de telecomunicacións **R** (Grupo Masorange) e **SkyShowtime** anunciaron unha alianza histórica que lles permite aos/ás clientes/as de televisión do operador galego gozar dunha excelente experiencia de entretemento cun paquete exclusivo que inclúe acceso ao servizo baixo demanda de **SkyShowtime**, así como a unha canle lineal de **SkyShowtime** dende o 16 de decembro.

Esta alianza levará unha oferta de entretemento excepcional a un maior número de audiencias, garantindo que os contidos de **SkyShowtime** sexan máis accesibles que nunca e a un prezo extraordinario.

Xunto á ampla oferta de entretemento de **R**, os/as clientes/as terán acceso a unha extensa colección de éxitos comerciais de Hollywood, series exclusivas e orixinais locais de **SkyShowtime**, entre as que se atopan todas as tempadas da serie de éxito mundial **Yellowstone**, incluíndo os últimos episodios da quinta tempada, e as 'precuelsas' **1883** e **1923**.

Ademais doutros títulos exclusivos xa dispoñibles ou que chegarán proximamente: **Receta para un asesinato, Dexter: Original Sin (Dexter: pecado original), Landman (Landman: Un negocio crudo), Lioness, Mamen Mayo, Matices, The Agency (La Agencia), The Day of the Jackal (Chacal), El Especialista, The Madison, Tulsa King, Kung Fu Panda 4, Un lugar tranquilo: Día 1, Gru 4 Mi villano favorito, Transformers One**, e moitos máis.

Co lanzamento desta alianza, *SkyShowtime* engadirase ao servizo de **R** completando a súa ampla oferta de entretemento para todas as idades.

\* *SkyShowtime* está incluído na oferta actual Ocio TV/Total TV, así como en calquera outra oferta de TV activa que inclúa descodificador. Ocio TV/Total TV é o servizo de televisión ofrecido por Agile Content proporcionados por OVER THE TOP NETWORKS IBÉRICA, S.L.U.

### **Sobre R e MasOrange**

**R** é o operador de telecomunicacións líder de Galicia que ofrece servizos da internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda ancha e televisión dixital; e para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e en servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica, superando xa a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos con esta tecnoloxía, a máis avanzada do mercado, e o 90 % da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

Desde abril de 2024 **R** forma parte de **MasOrange (+O)**, o maior operador de telecomunicacións en España en número de clientes/as, máis de 38M de liñas entre banda ancha e móbil e uns 30 millóns de fogares comercializables coa súa oferta de fibra óptica. Coa súa rede móbil 4G cobre o 99% da poboación española e máis do 86% coa nova tecnoloxía 5G, que chega xa a máis de 3.500 municipios da xeografía española. A compañía persegue ser o operador cos/as clientes/as máis satisfeitos/as, consolidarse como motor de talento e fomentar a accesibilidade da tecnoloxía para todos/as, sendo sempre respectuosa coas persoas e o planeta.

### **Sobre SkyShowtime**

*SkyShowtime* é o máis recente servizo de streaming de Europa. Unha joint venture de Comcast e Paramount Global, que reúne o mellor de Hollywood e do entretemento local nun só lugar.

Dende películas e series orixinais das icónicas marcas Universal Pictures, Paramount Pictures, Nickelodeon, DreamWorks Animation, Paramount+, SHOWTIME®, Sky Studios e Peacock, ata series *SkyShowtime* Orixinal, *SkyShowtime* é o novo fogar en Europa para o entretemento premium.

Lanzado en todos os seus mercados en 2023, *SkyShowtime* está dispoñible en: Albania, Andorra, Bosnia e Hercegovina, Bulgaria, Croacia, Chequia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Finlandia, Hungría, Kósovo, Montenegro, Macedonia do Norte, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía, Serbia e Suecia a través de provedores de televisión seleccionados nalgúns mercados e en Amazon Fire TV (en mercados seleccionados), dispositivos Android, Android TV, Apple iOS, tvOS, Google Chromecast, LG connected TVs, Samsung Smart TVs e a través do seu sitio web [www.skyshowtime.com](http://www.skyshowtime.com).

### **comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)